



Fundación EUGENIO GRANELL

FUNDACIÓN EUGENIO GRANELL

ORZAMENTO EJERCICIO 2022

1.- PLAN DE ACTUACIÓN 2022.

2.- DESGLOSE DA PREVISIÓN DE BALANCE E INGRESOS E GASTOS DE FUNCIONAMIENTO 2022.

3.-INFORME- MEMORIA DO PLAN DE ACTUACIÓN E ORZAMENTO 2022.

4.- PROGRAMACIÓN 2022.

5.- CERTIFICADO DE APROBACIÓN DO PLAN DE ACTUACIÓN E PROGRAMACIÓN 2022.

**Á CONSELLERÍA DE CULTURA EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE
SECRETARÍA XERAL. SERVIZO TÉCNICO XURÍDICO. PROTECTORADO DE
FUNDACIÓNS.**

PLAN DE ACTUACIÓN 2022

De conformidade co establecido no artigo 39 da lei 12/2006 de 1 de decembro, de fundacións de interese galego presentase ante o Protectorado o PLAN DE ACTUACIÓN da Fundación sinalada correspondente ao exercicio indicado.

DATOS DA ENTIDADE :

Nome: Fundación Eugenio Granell CIF: G15520422
Domicilio: Pazo de Bendaña s/n Praza do Toural
Localidade: Santiago de Compostela
Número de rexistro: 47
Código Postal: 15705
Provincia: A Coruña
Correo Electrónico: gerencia@fundacion-granell.org
Teléfono : 620504179 /981572124
Persona de Contacto: Paula López Ojea

DATOS RELATIVOS AO TRÁMITE QUE SE REALIZA:

Presentación do Plan de actuación anual correspondente ao exercicio 2022

Achégase a seguinte documentación:

- *Plan de actuación e memoria explicativa
- *Certificado de aprobación do Plan de actuación polo Padroado
- * Programación de actividades 2022
- * Documento de desglose de ingresos e gastos de funcionamento 2022

PLAN DE ACTUACIÓN 2022

De conformidade co establecido no artigo 39 da lei 12/2006 de 1 de decembro, de fundacións de interese galego presentase ante o Protectorado o PLAN DE ACTUACIÓN da Fundación sinalada correspondente ao exercicio indicado.

I.- ACTIVIDADES DA ENTIDADE

A) Identificación

Denominación da actividade	Actividades Culturais
Tipo de actividade	Actividade propia ou mercantil
Identificación da actividade por sectores **	Poboación en Xeral A01
Lugar de desenvolvemento da actividade	Internacional

B) Recursos humanos empregados nas actividades propias e mercantís

Tipo	Número previsto	Nº horas /ano
Persoal asalariado	7	1693
Persoal voluntario	10	1200

C) Beneficiarios ou usuarios da actividade

Tipo	Número previsto
Pobación en xeral *	100.000

D) Obxectivos e indicadores de realización da actividade

Obxectivo	Indicador	Cuantificador
Actividades culturais (expositivas, didácticas e outras)	Nº de visitas (inclúense visitas a pág. Web e consultas ao catálogo da biblioteca)	100.000

II.- PREVISIÓN DE RECURSOS ECONÓMICOS QUE EMPREGARÁ A ENTIDADE	
GASTOS DE FUNCIONAMENTO	Actividades
Axudas monetarias (doazóns)	0,00 €
Outros gastos (incluídos os gastos explotación)	60.315,00 €
Gastos de persoal	236.000,00 €
Amortización do inmovilizado	6.000,00 €
Gastos financeiros	3.000,00 €
Outros gastos	0,00 €
TOTAL GASTOS FUNCIONAMENTO	305.315,00 €
INVESTIMENTOS	
Adquisición inmovilizado	0,00 €
Adquisición bens de patrimonio histórico	0,00 €
Adquisición de inmovilizado financeiro	0,00 €
Cancelación débeda non comercial	0,00 €
TOTAL GASTOS INVESTIMENTOS	0,00 €
TOTAL GASTOS	305.315,00 €

III.- PREVISIÓN DE RECURSOS ECONÓMICOS QUE OBTERÁ A ENTIDADE**a) Previsión de ingresos que obtendrá a entidade**

INGRESOS DE EXPLOTACIÓN	Actividades Propias
Ingresos explotación mercantil (ventas e prestación de servizos as actividades propias)	1.200,00 €
Importe das subvencións do sector público	290.000,00 €
Outros tipos de ingresos (usuarios e afiliados, subvencións imputadas ao resultado, ingresos por colaboracións, ingresos por alugueres)	12.115,00 €
Importe de achegas privadas	2.000,00 €
TOTAL INGRESOS DE EXPLOTACIÓN	305.315,00 €
OUTROS RECURSOS	
Outros ingresos	0,00 €
Alleamento de inmovilizado non financeiro	0,00 €
Alleamento de inmovilizado financeiro	0,00 €
Endebedamento a longo prazo	0,00 €
TOTAL OUTROS RECURSOS	0,00 €
TOTAL INGRESOS	305.315,00 €

IV.- CONVENIOS E COLABORACIÓN QUE SE PREVÉN CON OUTRAS ENTIDADES

<i>Descrición</i>	<i>Ingresos</i>
Convenio de colaboración co Concello de Santiago de Compostela	155.000,00 €
Convenio de colaboración co Consorcio de Santiago de Compostela	90.000,00 €
Subvención da Deputación da Coruña	27.000,00 €
Subvencións da Xunta de Galicia	14.000,00 €
Ministerio de Presidencia (Memoria democrática)	4.000,00 €
Convenio de colaboración ca empresa Viaqua S.I	3.000,00 €
Convenio de colaboración ca empresa Aula de Ideas (campamento infantil de verán)	1.000,00 €
TOTAL	294.000,00 €

DESGLOSE DA PREVISIÓN DE BALANCE E INGRESOS E GASTOS DE FUNCIONAMENTO 2022

PREVISIÓN BALANCE 2022			
DESCRICIÓN	ORZAMENTO 2021	PREVISIÓN DE LIQUIDACIÓN A 31/12/2021	PREVISIÓN ORZAMENTO 2022
A) ACTIVO NON CORRENTE	0,00 €	14.624.951,18 €	14.624.951,18 €
I. Inmobilizado Intangible	0,00 €	106.515,70 €	106.515,70 €
III. Inmobilizado material	0,00 €	14.518.435,48 €	14.518.435,48 €
B) ACTIVO CORRENTE	0,00 €	158.833,13 €	154.477,54€
I. Existencias	0,00 €	119.709,25 €	119.709,25 €
II. Usuarios e outros debedores da activ.	0,00 €	27.000,00 €	27.000,00 €
III. Debedores comerciais	0,00 €	1.267,47 €	1.267,47 €
VI. Periodificacións a C/P	0,00 €	6.500,82 €	6.500,82 €
VII. Efectivo e outros activos líquidos	0,00 €	4.355,59 €	0,00 €
TOTAL ACTIVO (A + B)	0,00 €	14.783.784,31 €	14.779.428,72 €
A) PATRIMONIO NETO	0,00 €	14.741.670,67€	14.741.670,67 €
A-1) Fondos propios	0,00 €	139.039,76 €	139.039,76 €
I. Dotación fundacional/Fondo social	0,00 €	6.010,40 €	6.010,40 €
II. Reservas	0,00 €	110.086,81 €	110.086,81 €
III. Excedentes de exercicios anteriores	0,00 €	24.586,96 €	22.942,55 €
IV. Excedente do exercicio	0,00 €	-1.644,41€	0,00 €
A-3) Subvencións, doazóns e legados recibidos	0,00 €	14.602.630,91 €	14.602.630,91 €
C) PASIVO CORRIENTE	0,00 €	42.113,64 €	37.758,05 €
II. Deudas a C/P	0,00 €	31.355,59 €	27.000,00 €
1. Deudas con entidades de crédito	0,00 €	27.000,00 €	27.000,00 €
3. Outras deudas a C/P	0,00 €	4.355,59 €	0,00 €
V. Acreedores comerciais. E outras contas a pagar	0,00 €	10.758,05 €	10.758,05 €
1. Proveedores	0,00 €	0,00 €	0,00 €
2. Outros acreedores	0,00 €	10.758,05 €	10.758,05 €
TOTAL PATRIMONIO NETO Y PASIVO (A + C)	0,00 €	14.783.784,31 €	14.779.428,72 €

CONTA DE EXPLOTACIÓN INGRESOS E GASTOS DE FUNCIONAMENTO 2022			
INGRESOS	ORZAMENTO 2021	PREVISIÓN DE LIQUIDACIÓN A 31/12/2021	PREVISIÓN ORZAMENTO 2022
1.- Ingresos da actividade propia	301.220,00 €	297.592,00 €	299.115,00 €
a) Cotas de usuarios e afiliados	1.320,00 €	1.022,00 €	1.215,00 €
Cotas de amigos	1.300,00 €	1.000,00 €	1.195,00 €
Socios da biblioteca	20,00 €	22,00 €	20,00 €
b) Achegas de usuarios	1.300,00 €	1.330,00 €	1.900,00 €
Ingresos por visitas	1.000,00 €	1.330,00 €	1.400,00 €
Talleres didácticos e escolares	300,00 €	0,00 €	500,00 €
c) Ingresos por promocións patrocinadores e colaboracións	4.000,00 €	3.000,00 €	4.000,00 €
Convenio de colaboración ca empresa Viaqua S.l	3.000,00 €	3.000,00 €	3.000,00 €
Convenio de colaboración ca empresa Aula de Ideas (campamento infantil de verán)	1.000,00 €	0,00 €	1.000,00 €
d) Subvencións, doazóns de legados imputados ao excente do exercicio	294.600,00 €	292.240,00 €	292.000,00 €
Concello de Santiago	155.000,00 €	155.000,00 €	155.000,00 €
Consortio de Santiago	90.000,00 €	90.000,00 €	90.000,00 €
Deputación da Coruña	26.000,00 €	27.000,00 €	27.000,00 €
Doazóns	2.000,00 €	4.240,00 €	2.000,00 €
Xunta de Galicia (Consellería de Cultura)	17.000,00 €	12.000,00 €	14.000,00 €
Ministerio da Presidencia,(Memoria Democrática)	1.600,00 €	4.000,00 €	4.000,00 €
Rendas de outros ingresos derivados do patrimonio (itinierancias e préstamo de obras)	3.000,00 €	0,00 €	0,00 €
IV.- Ventas e outros ingresos derivados da actividade mercantil	1.700,00 €	959,46 €	1.200,00 €
Ventas de xoias e outros	700,00 €	425,00 €	500,00 €
Venda de catálogos	800,00 €	497,00 €	500,00 €
Ingresos por prestación de servizos	200,00 €	37,46 €	200,00 €
6. Outros ingreso de explotación	2.500,00 €	250,00 €	5.000,00 €
Ingreso por alugueres	2.500,00 €	250,00 €	2.000,00 €
Ingresos por venda de rifas de gravado	0,00 €	0,00 €	3.000,00 €
TOTAL INGRESOS OPERACIÓNS DE FUNCIONAMENTO	305.420,00 €	298.801,46 €	305.315,00 €

GASTOS	ORZAMENTO 2021	PREVISIÓN DE LIQUIDACIÓN A 31/12/2021	PREVISIÓN ORZAMENTO 2022
5.- APROVISIONAMENTOS	500,00 €	220,00 €	500,00 €
7.- GASTOS DE PERSOAL	234.430,77 €	227.663,12 €	236.000,00 €
8.-OUTROS GASTOS DA ACTIVIDADE	61.489,23 €	63.562,75 €	59.815,00 €
Arrendamentos	910,00 €	696,04 €	910,00 €
Reparacións e conservación	300,00 €	392,73 €	500,00 €
Mantemento do ascensor	864,00 €	905,00 €	905,00 €
Mantemento do sistema de alarma e aire acondicionado	2.315,23 €	864,37 €	2.115,00 €
Gastos de servizo de limpeza	4.500,00 €	4.657,00 €	4.500,00 €
Servizos profesionais	1.000,00 €	1.982,70 €	1.000,00 €
Asesoría e Auditoría	4.700,00 €	4.315,45 €	3.220,00 €
Mantemento software	2.000,00 €	1.726,34 €	2.000,00 €
Outros servizos (vixilancia)	5.000,00 €	5.829,90 €	5.000,00 €
Servizo de custodia de chaves	1.000,00 €	980,34 €	1.000,00 €
Seguros	14.000,00 €	15.162,94 €	14.000,00 €
Servizos bancarios e similares	2.700,00 €	3.150,00 €	3.000,00 €
Gastos de auga e basuras	1.500,00 €	1.315,88 €	1.400,00 €
Material de oficina	1.500,00 €	1.530,75 €	1.500,00 €
Desprazamentos e viaxes do persoal	100,00 €	138,00 €	100,00 €
Exposicións e actividades	6.800,00 €	8.000,00 €	6.500,00 €
Teléfono	2.600,00 €	2.965,00 €	2.965,00 €
Publicacións e prensa anuais	900,00 €	1.500,00 €	900,00 €
Gastos de correos	300,00 €	431,00 €	300,00 €
Gastos varios	2.500,00 €	954,28 €	2.000,00 €
Outros tributos	0,00 €	65,03 €	0,00 €
Axustes negativos IVE	6.000,00 €	6.000,00 €	6.000,00 €
9.-AMORTIZACIÓNS DE INMOBILIZADO	6.000,00 €	6.000,00 €	6.000,00 €
14.-GASTOS FINANCEIROS E ASIMILADOS	3.000,00 €	3.000,00 €	3.000,00 €
TOTAL GASTOS OPERACIÓNS DE FUNCIONAMENTO	305.420,00 €	300.445,87 €	305.315,00 €
SALDO OPERACIÓNS DE FUNCIONAMENTO	0,00 €	-1.644,41 €	0,00 €



Fundación EUGENIO GRANELL

INFORME – MEMORIA DO PLAN DE ACTUACIÓN E ORZAMENTO 2022

Neste informe preséntase a memoria do plan de actuación para o exercicio 2022, de conformidade co establecido no artigo 39 da lei 12/2006 de 1 de decembro, de fundacións de interese galego.

Así mesmo inclúese, unha desagregación máis pormenorizada dos conceptos que dan orixe ás estimacións globais de balance e de operacións de ingresos e gastos de funcionamento, empregando para elo as partidas correspondentes aos epígrafes e numeración da documentación solicitada polo Concello de Santiago sobre o orzamento da fundación.

O orzamento preséntase equilibrado.

INGRESOS POR OPERACIÓNS DE FUNCIONAMENTO

O total de ingresos por operacións de funcionamento estímase en 305.315,00€

Os ingresos orzamentados supoñen un aumento do 2,18%, **6.513,54 €** con respecto ao previsto na liquidación do exercicio 2021.

A desagregación por partidas de ingresos é a seguinte:

1).-INGRESOS DA ACTIVIDADE PROPIA

A previsión de ingresos en **299.115,00€**, orzáméntase nunha contía sen variacións significativas con respecto á previsión de liquidación do exercicio 2021.

As partidas mais significativas deste epígrafe son as seguintes:

a) e b) Cotas de Usuarios e afiliados e ingresos por visitas e obradoiros escolares .

A previsión de ingresos nesta partida (cotas de biblioteca, amigos da Fundación, ingresos por visitas, e obradoiros didácticos) estímase en **3.115,00€** o que supón unha contía sen variacións significativas con respecto ó exercicio anterior, o lixeiro incremento previse na retoma das actividades escolares.

c) Ingresos por promocións, patrocinadores e colaboracións.

A previsión de ingresos recollida neste epígrafe orzáméntase en **4.000,00 €**, inclúense como ingresos, a colaboración ca empresa Viaqua por importe de **3.000,00 €** para a colaboración de gastos expositivos no exercicio 2022.

Por importe de **1.000,00 €** estímase os ingresos pola realización do campamento de verán, levados a cabo pola empresa Aula de Ideas en colaboración ca fundación.

d) Subvencións do sector público.

Orzaméntanse as achegas públicas para o exercicio en **290.000,00€**. Sen variacións significativas con respecto a previsión de liquidación 2021.

Ca previsión dun aumento pola Xunta de Galicia de 2000,00 €e a retoma da subvención para o exercicio 2022 da axuda do Ministerio da Presidencia para actividades en relación ca memoria democrática.

1X) VENDAS E OUTROS INGRESOS DERIVADOS DA ACTIVIDADE MERCANTIL

A contía global neste epígrafe orzaméntase en **1.200,00 €**, sen variacións significativas con respecto a previsión de liquidación 2021.

6.- OUTROS INGRESOS DE EXPLOTACIÓN

Nesta partida aumentase a previsión con respecto ao previsto para o exercicio 2021 con respecto aos alugueres de espazos.

Inclúese como novidade a rifa dun gravado "El Hilo de Azar", estimándose a venda de 300 rifas por un importe de 10,00 €a unidade. Actividade que xa se realizou no ano 2014, e retornou un importe de 2.900 €

GASTOS POR OPERACIÓN DE FUNCIONAMENTO

O total de gastos por operación de funcionamento estímase en contía de **305.315,00 €**

Orzaméntanse os Gastos de Funcionamento cun aumento do 1,65% , **4.869,13 €** con respecto ó previsto na liquidación do orzamento 2021, sen variacións significativas có orzamentado para este exercicio 2021.

A desagregación por partidas de gastos é a seguinte:

5)-APROVISIONAMENTOS:

Esta partida presupóstase na contía de **500,00 €** sen modificación significativa con respecto ao exercicio anterior.

7)-GASTOS DE PERSOAL

Os gastos en soldos e salarios , seguridade social a cargo da empresa e outros gastos sociais presupóstanse en contía total de **236.000,00 €**

Supón un aumento do 3,66 % do estimado para este exercicio, tendo en conta que este ano a redución do gastos de persoal debeuse a baixa laboral do traballador Eduardo Valiña dende xaneiro a xuño e da baixa por matenidade da traballadoras Lorena Rodríguez dende o mes de outubro.

8) OUTROS GASTOS DE ACTIVIDADE

A contía global nesta partida estímase en **59.815,00 €** sen variacións significativas con respecto ao orzamentado e a previsión de liquidación do exercicio 2021.

9)- AMORTIZACIÓN DE INMOBILIZADO.

Orzaméntase na mesma contía que o previsto para o exercicio 2021.

14)- GASTOS FINANCEIROS E ASIMILADOS

Prevense gastos financeiros, para o vindeiro exercicio en **3.000,00 € a mesma contía prevista para a liquidación do exercicio.**

Non se prevén gastos en inversións nin gastos extraordinarios.

FUNDACIÓN EUGENIO GRANELL

Programación 2022

INDICE

1. INTRODUCCIÓN

2. CONSERVACIÓN E DIFUSIÓN DO NOSO LEGADO

3. BIBLIOTECA E ARQUIVO

4. DIDÁCTICA NO MUSEO

5. EXPOSICIÓNS

5.1. Exposicións de fondos

5.1.A. Exposicións que continúan do ano anterior

5.1.B. Novas exposicións

5.1.C. Exposicións de difusión dos nosos fondos

5.2. Exposicións alleas aos nosos fondos

5.2.A. Novas exposicións

5.2.B. Exposicións que continúan do ano anterior

6. ACTIVIDADES NA FUNDACIÓN EUGENIO GRANELL

6.1. As nosas actividades

6.2. Outras actividades de produción allea

1. INTRODUCCIÓN

A Fundación Eugenio Granell presenta a programación do ano 2022 coa intención de continuar no seu labor de investigación e exhibición do importante legado de Eugenio Granell, non só centrado na propia produción do artista, senón tamén arredor das súas coleccións. O Museo concíbese como un centro de referencia do surrealismo internacional. Neste senso, son habituais as apostas por artistas que, ou ben pertencen a algún dos grupos surrealistas cos que se mantén unha estreita relación, ou ben o seu discurso plástico é afín a esta corrente.

O discurso expositivo artéllase a través de dous eixos principais: por unha banda, as exposicións das coleccións que forman os fondos da Fundación Eugenio Granell, onde atopamos unha nova revisión da obra de Eugenio Granell, Amparo Segarra e as coleccións. Por outra, as exposicións pensadas para o primeiro andar do museo.

Este ano destacarán entre as exposicións dos nosos fondos "Granell e os seus personaxes preferidos" e "Amparo e a súa amiga Espe".

Tamén continuaremos co proxecto iniciado no ano 2021, relacionado co Medio Ambiente coa mostra "Medio Ambiente. O mar en A Coruña".

Na segunda planta, este ano, presentamos a exposición "Dragones: A Arte de Eugenio F. Granell e de Rik Lina" e na primeira a mostra "A Biblioteca de Granell: Libros, Correspondencias, Arquivos e Manuscritos".

Seguimos co proxecto "Artista en Residencia" na súa VI edición coa exposición de María Meijide "BODEGÓNS A GRANELL. Metapintura no museo".

Coleccións

Os fondos artísticos que conforman as coleccións do Museo, constitúen a maior colección de arte de vangarda e surrealista de Galicia, así como unha das máis importantes a nivel internacional e nacional. Deste xeito, a Fundación alberga a produción máis representativa de **Eugenio Granell**, así como as súas coleccións.

Eugenio Granell, desde os inicios do seu traballo artístico, mostrou un claro interese polo coleccionismo. Desta forma, ao longo da súa vida, creou unha importante **colección** formada por obras de **artistas surrealistas** (moitos deles amigos persoais), que comprende a mulleres artistas, destacando Maruja Mallo, Susana Wald, Marie Carlier, Penelope Rosemont, entre outras, e autores consagrados, como, Marcel Duchamp, Max Ernst, Joan Miró, Roberto Matta, Esteban Francés, ou artistas máis actuais -Cruzeiro Seixas, Maisonet, Kart-Otto Glotz, Yo Yoshitomé ou Edouard Jaguer-.

A esta colección hai que engadir tamén obras doadas por artistas actuais que pon de manifesto o interese permanente por ilustrar a evolución deste movemento artístico e correntes afíns.

A **colección Amparo Segarra**, compañeira de Granell, componse de 115 colaxes, disciplina na que a artista desenvolveu o seu discurso plástico, destacando a obra conxunta realizada por Eugenio Granell e Amparo que foron as primeiras colaxes de Amparo, iniciando deste xeito a súa traxectoria artística.

No ano 1997, o artista **Philip West** cedeu á Fundación o máis representativo da súa produción plástica, composta por 200 obras, así como a súa biblioteca, composta por máis de 100 volumes sobre o surrealismo.

Por outra banda, a **Colección de Arte Étnica**, está formada por obxectos dos cinco continentes que o artista reuniu movido polo interese surrealista cara ó primitivo. Componse de máscaras, obxectos e xoguetes de diferentes países, tales como Santo Domingo, Polonia, USA, Guatemala, México, Filipinas, Puerto Rico, diferentes rexións e países de África, España e Portugal.

Histórico

Dende a súa apertura no ano 1995, a Fundación Eugenio Granell, compaxina a exhibición e a promoción da obra de Eugenio Granell, co apoio a outros artistas internacionais, nacionais e galegos, sempre dentro dos esquemas do surrealismo. Concíbese así a través de diferentes áreas interrelacionadas dirixidas por profesionais que establecen diversas liñas de actuación partindo das premisas que conforman a institución, e tamén arredor do proxecto expositivo e museístico.

Na **Área de Conservación-Restauración**, dende o ano 2001, fóronse desenvolvendo unha serie de actuacións encamiñadas á xestión técnica das coleccións, a súa conservación e restauración, estudo, documentación e control de movementos. Trabállase non só coas coleccións museográficas e bibliográficas do museo, senón tamén con pezas depositadas temporalmente para exhibicións. Nos últimos anos incorporouse unha nova liña baseada na educación patrimonial e a conservación. Propoñendo actividades puntuais cuxo obxectivo principal é concienciar sobre a importancia da protección dos bens culturais, como parte da memoria e da cultura da sociedade local e global.

A **Área de Biblioteca** componse de tres Bibliotecas, Biblioteca e Arquivo persoal de Eugenio Granell, a Biblioteca Philip West, ademais da Biblioteca do Museo. Os seus servizos están dirixidos ao público en xeral, investigadores e comunidade educativa: estudantes, educadores, artistas, persoal do museo, etc.

A Biblioteca e o Arquivo persoal de Granell é unha peza clave no estudo da súa personalidade artística e humana, así coma o estudo de toda unha xeración marcada pola Guerra Civil e o exilio. Componse dun fondo de máis de 15.000 volumes que foron recompilados ao longo da vida de Granell. Trátase dunha Biblioteca profesional, práctica e universitaria. Ademais da temática surrealista, correntes afíns a esta e á arte en xeral, cóntase cun importante número de volumes sobre a Guerra Civil e o exilio, así coma edicións doutros ámbitos como a psicoloxía, a literatura, a antropoloxía ou a socioloxía.

A Biblioteca Philip West contén 753 documentos de gran importancia que West, con quen Eugenio Granell mantiña unha estreita amizade, doou á Fundación no 1997.

Por último, a Biblioteca do Museo foi inaugurada en xaneiro de 2001 e está especializada na arte surrealista, ademais de conter fondos de disciplinas como arte contemporánea, audiovisuais, fotografía ou literatura.

A **Área de Didáctica**, creada no ano 1997, pretende estimular a reflexión e o espírito crítico das persoas que nos visitan. O obxectivo é crear un espectador/a activo/a que non só teña a posibilidade de comprender o que ve, senón que tamén poida desenvolver a súa creatividade dentro da nosa institución. Deste xeito, o obxectivo principal é facilitar a comprensión e reflexión das distintas mostras. Dende a súa creación ata hoxe xéranse actividades arredor das diferentes exposicións temporais, dende visitas guiadas a visitas-taller.

Outra das Áreas coas que conta a Fundación é a de **Prensa**, xa que unha das principais tarefas do centro é a difusión das actividades que se realizan na Fundación, ben sexan exposicións, obradoiros, conferencias, etc.; así como aquelas doutras institucións afíns.

A Fundación Granell emerxe, pois, cun papel protagonista no panorama cultural, converténdose nun espazo de referencia para a exhibición e estudo das propostas de artistas surrealistas internacionais e nacionais.

Ademais, os proxectos expositivos complétanse cunha serie de **actividades** (conferencias, charlas no espazo da Biblioteca, ou presentacións de libros, así como outras actividades que a Fundación ven organizando dende fai anos, Mi pieza favorita, Maratón de Lectura, Homenaxe a Valle-Inclán, que teñen como obxectivo primordial achegar o museo aos diferentes públicos da nosa comunidade, tendo un interese especial no contexto da cidade de Santiago.

2. CONSERVACIÓN E DIFUSIÓN DOS NOSOS FONDOS

A. CONSERVACIÓN

Un dos obxectivos xerais desta área vai encamiñado á educación patrimonial. Concienciar e difundir a importancia da conservación preventiva para a protección do Patrimonio e a Cultura abrindo reflexións para futuras estratexias da man dunha serie de actividades puntuais **dirixidas o público xeral** e vinculadas a datas destacadas como son o día Internacional do Restaurador de Arte, o día Internacional dos Museos e o Día Internacional do Patrimonio.

a.1 “Ruta surreal ao taller de restauración e almacéns de arte”

Co motivo da celebración do *Día Internacional dos Museos*, a área de conservación da Fundación Eugenio Granell abre un ano máis as portas dos seus almacéns de arte e do taller de conservación-restauración. A visita guiada é realizada pola conservadora-restauradora do museo. Dentro dun ambiente de debate e xogo móstranse os distintos traballos relacionados coa conservación, a restauración, investigación e difusión das coleccións e das súas exposicións. Sen perder de vista a importancia de defender, protexer e promover a Rede Cultural da cidade, dentro e fóra do museo. Concienciando da necesidade de preservar o Patrimonio Cultural en todas as súas formas, como un ben de todos e para todos.

a.2 “Visita conservada. Outra forma de mirar”

Visita guiada ás exposicións dos fondos que cada ano abren cun planteamento novo na segunda planta do museo. Dito percorrido é a través da mirada dun conservador restaurador que vai “lendo” o contido, o espazos dende un punto de vista técnico pero cun dircurso accesible o público non especializado. Poñendo en valor os diferentes axentes culturais que participan na conservación e difusión do patrimonio.

a.3 “A Conservación en verde”

Unha nova mostra dentro da serie de exposicións de carácter divulgativo que leva realizando esta área para facer máis accesible conceptos e accións relacionados co patrimonio e a súa protección. Como foron: Instinto de Conservación (2016); Luz versus “conservación” (2017); Km de conservación (2019).

Ademais busca poñer sobre a mesa temas de actualidade que poden repercutir na maneira de entender a conservación. É o caso deste ano, no que se propón reflexionar en “verde”, cor que asociase a temas relacionados coa sostibilidade dos recursos naturais e os cambios que poderíanse aportar.

Segundo a liña de educación marcada a Fundación implicase tamén co **público máis especializado** colaborando coas universidades, como son a de Santiago de Compostela, Vigo, Madrid, a Escola Superior de Conservación Restauración de Bens Culturais de Galicia, na formación dos futuros profesionais do sector a través dos seus programas de prácticas e voluntariados.

a.4 Proxecto ¿Coleccionamos?. VII Edición. 2022.

Proxecto colectivo e colaborativo de difusión dos fondos artísticos do Museo que non se atopan en exposición, e dos traballos relacionados coa súa investigación e exhibición. Unha experiencia dirixida a todo o público interesado en participar nun espazo para coñecer, reflexionar e gozar coa arte e co patrimonio. Unindo o mundo e os recursos virtuais co mundo e os recursos físicos, un binomio definitorio do contexto social actual. Vai vinculado con tema proposto polo ICROM para o Día dos Museos do ano en curso.

B. DIFUSIÓN DOS NÓSOS FONDOS CO PRÉSTAMO DE OBRAS

. Colección II

Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía. Madrid
outubro 2021 - maio 2022

Proxecto integral de renovación da colección permanente do Museo Nacional Reina Sofía. A Fundación Granell participa coa cesión temporal de tres pezas das súas coleccións, que se incluírán no 4º andar do proxecto, onde un dos seus obxectivos é a maior presenza do exilio español e os seus artistas dentro do discurso expositivo do museo. Estas pezas son: Eugenio Granell, *Cabeza de indio*, 1944. Óleo/lenzo; *Máscara de morería. Moro Muza*. Madeira policromada. Guatemala; *Máscara de vejigante*. Cáscara de coco e madeira policromada. Porto Rico. Así como a presencial en formato dixital de documentos pertencentes ao arquivo e biblioteca Eugenio Granell. Tamén formarán parte desta exposición as obras de Eugenio Granell que pertencen aos fondos do Museo Reina Sofía.

. Surrealism Beyond Borders

Metropolitan Museum of Art (New York) - Tate Modern (London)
04 outubro 2021 ao 30 xaneiro 2022 - 25 febreiro 2022 ao 29 agosto 2022

Esta gran exposición ten entre os seus obxectivos principais reformular a comprensión tradicional do movemento surrealista internacional do século XX, como un movemento dinámico e orgánico que ofreceu aos artistas un medio para imaxinar una posición máis alá da súa actual situación artística, social ou política. Esas preocupacións compartidas e intercambios, ofrecen novas perspectivas sobre como unha idea específica, formada nun lugar e tempo, resulta útil para una ampla variedade de artistas nunha multitude de lugares, durante moitas décadas.

Eugenio Granell está presente como un dos exemplos de conexión deses puntos de encontro e axentes que dan forma á actividade surrealista dende a década de 1920 ata a Segunda Guerra Mundial e ata o período radical de posguerra.

A Fundación Granell participa con tres obras dos seus fondos artísticos: Eugenio Granell, *El vuelo nocturno del Pájaro Pí*. 1952. Tempera /cartón; Eugenio Granell *Los blasones mágicos del vuelo tropical*. 1947. Óleo /lenzo; *cadáver exquisito* de Eugenio Granell, Franklin Rosemont, Jean Jacques Jack Dauben, 1976, tinta sobre papel e varios documentos orixinais do arquivo e biblioteca Eugenio Granell.

3. BIBLIOTECA E ARQUIVO

1. Charlas na Biblioteca

Dende o ano 2011, que se incorporaron á nosa Fundación a Biblioteca e Arquivo persoal de Eugenio Granell, foron moitos os investigadores que se achegaron ao seu legado para a realización dos estudos sobre o artista. A Biblioteca da Fundación traballa pola difusión social da obra e figura de Granell, pretendendo animar a potenciais investigadores a achegarse a este polifacético artista a través dos nosos fondos.

A biblioteca está aberta a que os investigadores expoñan nela o resultado das súas investigacións, os seus traballos sobre Granell e o surrealismo utilizando fondos da Biblioteca e do Arquivo da Fundación.

Este ano temos proxectadas as seguintes charlas:

- "Una aproximación a arte Philip West". Impartida por Dolores Villaverde Solar. Doutora en Historia da Arte e profesora de Historia da arte da Universidade de A Coruña.
- "Recortes de una vida. Amparo Segarra Vicente". Impartida por Esperanza Durán Delgado. Licenciada en Belas Artes pola UPV, Máster en estudos culturais e Artes Visuais de la UMH e comisaria de exposicións.
 - "La biblioteca y el archivo de Eugenio Granell como fuente de investigación primaria" (título provisional). Violeta González Forte. Licenciada en Historia da arte, Doutora en Historia da arte pola Universidade de Santiago de Compostela.
- "Nuevas aportaciones del exilio en torno a Eugenio Granell". Impartida por Inmaculada Real López. Doctora en Historia del Arte y Profesora de la Universidad de Zaragoza.

2. Presentacións de libros

Presentación do último número da revista *Salamandra* nº 21-22, feita polo Grupo Surrealista de Madrid e do libro *Madrid reviviva* de Eugenio Castro Murga.

3. A biblioteca sae á rúa

- . Celebración do Día do libro (abril).

Continuar coas actividades que ven realizando a biblioteca e que xa se converteron nunha cita obrigada para o público:

- . "**Libro por libro**": pequena feira de troco de libros. Desde o ano 2011 a biblioteca da Fundación Granell conta con publicacións duplicadas (novas e usadas) nas áreas de arte, cultura ou ciencias sociais; así como libros que edita a propia Fundación. Todos se porán a disposición do público en xeral co fin de intercambialos por outros títulos de interese para a institución. En anos posteriores esta iniciativa foi seguida por outras bibliotecas.

- . **Bookcrossing**: dende o ano 2009 a biblioteca da Fundación participa na campaña de Bookcrossing ou Liberación de libros, xunto con outros centros de arte de toda España coordinados polo Museo ARTIUM de Vitoria-Gasteiz. O Día do libro pretendemos ateiagar de libros de arte as rúas de cada unha das cidades que participan nesta actividade.

4. Visitas guiadas individuais ou a grupos

centrados en estudantes universitarios co obxectivo fundamental de ofrecer unha completa información sobre os nosos fondos.

5. Seguimos co noso espazo que alberga **pequenas exposicións** relacionadas coa biblioteca. Na terceira planta do museo. Un xeito dinámico de descubrir os fondos da biblioteca.

4. DIDÁCTICA NO MUSEO

A Área de Didáctica confórmase como un espazo polivalente, onde tamén se realizan numerosas mostras de distintos colectivos, artistas e asociacións da nosa cidade. Deste xeito xéranse pontes entre as propostas da institución e os públicos que achegan os contidos aos diferentes sectores da sociedade, o que fai da Fundación Eugenio Granell un centro de referencia cultural e museográfico dedicado ó surrealismo.

A difusión da cultura e a súa comprensión son uns dos obxectivos fundamentais da Fundación Eugenio Granell. Dende o departamento de didáctica, creado no ano 1997, propóñense diversas actividades e opcións nas que os participantes se acheguen á creación dende a súa propia experiencia e posterior reflexión.

No que atinxe aos centros de ensino de primaria e secundaria, as visitas son abondosas e de distinta procedencia.

Os servizos que se ofrecen dende a Área de Didáctica están pensados e programados en función do proxecto expositivo ideado para o vindeiro ano 2022.

1. Visitas guiadas individuais ou en grupo

Consisten nun percorrido de 45 minutos de duración polo centro, dando a coñecer a figura de Eugenio Granell, resaltando a importancia da ética do artista e do movemento surrealista. O fin fundamental consiste en ofrecer unha completa información sobre os contidos do museo, explicando as distintas mostras e as características da Fundación.

2. Visitas-taller

Visitas ás distintas mostras para desenvolver talleres que se crean sempre como reflexión práctica ou teórica das exposicións visitadas. Neste caso acostuman empregarse actividades relacionadas co surrealismo, tales como colaxes, cadáveres exquisitos, creación de construcións, actividades relacionadas co mundo dos sonhos, etc. Tanto as visitas guiadas como os talleres realízanse en función das necesidades de cada grupo, dependendo da procedencia, idade, número de visitantes, etc.

3. Certame de Arte Escolar Eugenio Granell

Como se fixo dende o ano 2004, a Fundación Eugenio Granell convoca o XVIII Certame de Arte Escolar. Poderán concorrer a este certame todos os escolares residentes en Galiza de idades comprendidas entre os tres e cinco, e seis e doce anos.

A finalidade do concurso é promover a creación plástica entre os nenos/as, que presentan as súas obras, que serán seleccionadas por un xurado que determinará os gañadores, ademais dun premio do público.

4. Difusión de proxectos didácticos en colaboración con centros de ensino

A Fundación Eugenio Granell leva dende o 2008 realizando un labor de difusión do legado surrealista granelliano nos centros de ensino a través de proxectos específicos onde os docentes reflexionan na aula sobre o feito creativo, reinterpretando obras chave na traxectoria artística de Eugenio Granell. No pasado contamos coa colaboración de distintos centros que amosaron o resultado plástico baseado en diversas obras do artista, co fin de desenvolver a sensibilidade, observación, expresión e orientación espacial, así como o gusto e goce da arte dos máis pequenos.

5. EXPOSICIÓNS

5.1 Exposicións de Fondos

5.1.A. Exposicións que continúan do ano anterior

. O estudio de Eugenio Granell

Data: Permanente

Comisariado: Fundación Eugenio Granell

Coordinación: Fundación Eugenio Granell

Ubicación: Primeira planta

Este espazo expositivo é unha reprodución do estudo de Granell, unha mostra permanente composta de obxectos e obras de arte que amosan o entorno no que traballaba o artista. Lorena Rodríguez, responsable de Conservación e Restauración da Fundación Eugenio Granell, realiza un importante labor de conservación e mantemento das pezas amosadas no estudio, adecuando o espazo as novas incorporación que se van engadindo temporalmente.

Nesta sala exhibese un dos seus cabaletes, pinturas propias ou de amigos pintores, os seus bastóns e, nunha vitrina, obxectos persoais como os seus lentes, plumas, xemelgos, gravatas... Tamén conservamos a mesa de traballo na que o artista creaba as súas imaxinativas construcións e unha foto grande na que se lle pode ver sentado na súa mesa de traballo no despacho da súa casa en Madrid. Granell foi un gran afeccionado á obra de San Juan de la Cruz e, entre as figuras da súa colección, hai unha talla do século XVII que se amosa tamén neste estudio.

Na recreación atópanse obras de artistas como Vela Zanetti (Retrato de un campesiño leonés, Retrato de Amparo dedicado por Vela Zanetti a Amparo) e así como tres caricaturas nas que aparece Eugenio Granell retratado por Bernard, Ximpa e Gilberto Hernández Ortega, do que tamén se mostra unha obra que son uns estudos de retratos, e de Eugenio D'Ors móstranse uns bosquejos onde se aprecia un retrato de Buñuel. Tamén se dedica un apartado especial a obra de Philip West.

Por outra parte, recóllese unha breve mostra de premios que recibiu o artista, de recente incorporación, a través tanto de fotografías coma de galardóns físicos. Entre eles figuran: Medalla de Ouro ao Mérito nas Belas Artes (Madrid, 1995) ou Medalla de Ouro (Santiago de Compostela, 1997).

. Granell: 46 Anos de exilio, as súas causas e a importancia da Amizade, (1939 – 1985)

Datas: 15 xullo, 2021 – 22 maio, 2022
Comisario: Natalia Fernández Segarra
Coordinación: Fundación Eugenio Granell
Ubicación: Salas 2 e 3. Segunda planta

A exposición que poderemos visitar ata o 2022 está dividida segundo os países nos que Eugenio Granell e Amparo viviron durante o seu exilio. Nas paredes móstranse obras creadas no dito exilio, así como citas que aparecerán na biografía que se publicará.

A biografía parte da peregrinación de Granell que asemellou á do Santo Apóstolo quen encontrou sepultura grazas aos tamén amigos, os discípulos Atanasio e Teodoro. Tras a súa inicial visita a Galicia o Santo non tivo éxito e foi decapitado por Herodes Agripa no seu regreso a Palestina. Granell no foi decapitado, mais, baixo o franquismo, sen dúbida, fose outra vítima nunha cuneta.

Granell deixa a súa cidade en 1928 e finalmente regresa a España en 1985, creando en 1995, a Fundación Eugenio Granell. Outro lugar de peregrinación para moitos exiliados, fillos e netos destes, así como estranxeiros inspirados polo seu coñecemento e a lealdade de Granell a principios éticos e morais. Con frecuencia os visitantes tamén son coñecedores da historia de España; artistas, investigadores e persoas que coñecen a causa pola que se loitou na guerra civil.

Mentres que o Apóstolo inspirou a creación da magnífica catedral. Granell inspirou a creación da Fundación Granell tamén en Santiago e dedicada, non só ao surrealismo, senón tamén a manter viva a memoria do exilio e dos anos nos que España viviu unha negra historia.

A exposición divídese nos anos nos que viviu o exilio, comezando polos campos de concentración en Francia e, terminando en Nova York. Vense obras creadas durante os anos en cada lugar de exilio, citas do autor e dos seus amigos, xa que o énfase tanto da biografía como da exposición, ponse na importancia da Amizade.

Xunto ás obras de Granell, inclúense obras dos seus amigos. As citas, igualmente, son de Granell e dos seus amigos; incluídos, entre outros, os seus irmáns Julio e Mario.

Si a Catedral converteuse en lugar de peregrinación, igualmente, como ocorre cos museos, o Museo Granell converteuse en lugar de visita e apoio de moitos grupos dedicados ao surrealismo que existen en moitos países.

Natalia Fernández Segarra
Comisaria e Directora Fundación Eugenio Granell

. Amparo en boa compañía

Datas: 15 xullo, 2021 – 17 abril, 2022
Comisario: Natalia Fernández Segarra
Coordinación: Fundación Eugenio Granell
Ubicación: Sala Amparo. Segunda planta

Nesta exposición as colaxes de Amparo están acompañadas de obras de mulleres artistas que forman parte dos fondos da Fundación Eugenio Granell.

Son obras de mulleres que Amparo coñeceu, e foron amigas, e obras doutras que non chegou a coñecer. Representan a mulleres que seguiron os pasos do surrealismo a nivel internacional.

Unha das primeiras é a obra da australiana Hilary Booth, un cariñoso óleo pequeno de dúas figuras, un home e unha muller voando cara ó sol.

Amparo, coñeceu as artistas surrealistas Anne Ethuin e a Susana Wald, ámbalas dúas compañeiras tamén de autores surrealistas.

Anne vivía en París co seu esposo Edouard Jaguer, quen despois da morte de André Breton no 1966, iniciou o grupo Phases que levou a cabo exposicións surrealistas en moitas partes do mundo e publicou catálogos importantes.

Susana Wald viviu primeiro en Canadá, onde co seu esposo, Ludwig Zeller, dirixían unha galería de arte surrealista e publicaban revistas de temas surrealistas. En varias ocasións as dúas parellas viaxaron xuntas en coche de España a Portugal para visitar aos surrealistas Cruzeiro Seixas e Mario Césariny e reunirse cos compoñentes do grupo surrealista de Portugal.

Na mostra destaca a forza e o poder destas mulleres. Algunhas delas vivindo baixo a sombra dos seus compañeiros, saíron adiante con forza e poder, establecendo firmemente o seu mundo propio e orixinal.

Natalia Fernández Segarra
Comisaria e Directora Fundación Eugenio Granell

. Philip West. O amor e a muller

Datas: 8 abril, 2021 – 2022

Comisario: Natalia Fernández Segarra

Coordinación: Fundación Eugenio Granell

Ubicación: Sala Philip West. Primeira planta

En 1996, Philip West sabía que os seus días estaban a terminar. Estaba namorado e sabía que deixaba atrás un futuro prometedor. Era un home novo. Ese ano pintou un óleo simbólico e importante, *Vecinos*. Á esquerda do lenzo hai un M pintado en marrón sobre un fondo laranxa. O M está cuberto de casiñas e edificios. O W, en verde, está delineado con cor laranxa e o fondo, en tons verdes e negros, está cuberto de cruces. O M é Marián e o W West. Esta obra foi creada sinceramente e representa a traxedia que se achega. A nosa exposición iníciase con este óleo. Philip, cando estaba morrendo de cancro, dedícallo á súa compañeira Marián Torrens de Zaragoza.

A exposición está dedicada á muller e, máis explicitamente, á muller amada. As obras son unha manifestación importante do concepto do automatismo na arte surrealista. Os óleos convértense en paisaxes oníricas, de soño, "onde fragmentos de figuras antropomorfas se fusionan de maneira incoherente situándose en limitadas".(Antonio Garrido).

Non facía moito, Marián e West fixeran unha viaxe á India, así que escollín unha obra que me lembra á arte dese país. Á dereita, sobre un fondo vermello e azul cuberto de letras musicais, libremente flota unha parella. A imaxe á esquerda é de grande interese para min polo sol vermello de paixón que sobresa, así como o triángulo negro creado por aves en voo e que se amontoan no recanto superior esquerdo, de maneira que non poden escapar. O óleo tamén foi pintado en 1996.

As obras de Philip West repiten temas. Un deles, o da parella, pode verse nesta exposición representado por parellas bailando con certa alegría, nas obras *Sin título* e *Ritos de paso*. Na terceira obra, a parella xa non está no centro e baila, quizais cansa, como sen ganas; actitude que se reflicte ao pintar a cabeza da muller inclinada sobre o ombreiro do home.

O corpo espido da muller, eterno tema na arte, como en *Mujer forzada*, tamén de 1996, na que o artista adiántase a nosa preocupación actual sobre a importancia da muller. O óleo *Sin título* de 1986 ofrece unha muller espida e suxestiva dentro dunha forma masculina sen cara.

As outras obras na exposición poden apreciarse pola presenza do feminino, como os zapatos vermellos de tacón en *Ascending/Descending*, que o artista contrapón ao home líquido á esquerda, un río en forma humana pola que a auga flúe cara á cabeza. En *A quemarropa*, a mesma figura azul está premida por unha pistola na parte superior do óleo que se metamorfosea nun zapato negro feminino cun gran tacón. Philip dínos que nas súas obras "hai metamorfoses e, como surrealista, non son o mesmo que hai dez anos. Para min, agora, o surrealismo é vivir a vida como se fose un poema. Como non sei onde vou, trato de gozar da viaxe". Isto escribiuno (tamén era bo escritor) en 1996 en Heraldo de Aragón, o 17 de xaneiro de 1996.

Natalia Fernández Segarra
Comisaria e Directora Fundación Eugenio Granell

. Países vividos e visitados por Amparo e Eugenio. Fondos da Fundación Eugenio Granell

Datas: 16 setembro, 2021 - 2022
Comisario: Natalia Fernández Segarra
Coordinación: Fundación Eugenio Granell
Ubicación: Sala 1. Segunda planta

O xoves, 16 de setembro de 2021, a Fundación Eugenio Granell abriu unha nova mostra *Países vividos e visitados por Amparo e Eugenio. Fondos da Fundación Eugenio Granell*, na Sala 1 da segunda planta do Museo.

Unha exposición que mostra parte dos fondos étnicos da Fundación Eugenio Granell. A Sala I foi unha extensión da exposición que mostramos nas Salas 2 e 3 da segunda planta do Museo Granell, a que animamos tamén a visitar: *Granell, 46 anos de exilio, as súas causas e a importancia da Amizade (1939-1985)*.

Amparo e Eugenio viviron un longo exilio que empezou en 1939 cando a República perdeu -gran desgraza para España- a guerra civil e triunfaron os que se sumaron á traizón co xeneral Franco. O regreso a España de Amparo e Eugenio en 1985 foi unha grande alegría. Dada a presente realidade política de España, no sei se hoxe estarían tan alegres.

Natalia Fernández Segarra
Comisaria da mostra e Directora da Fundación Eugenio Granell

**. O Medio Ambiente e Santiago de Compostela.
Jo Redpath “De Isolina e outras cousas” Reina D’Hoore “Matria”**

Datas: 5 outubro, 2021 – 6 febreiro, 2022
Comisario: Natalia Fernández Segarra
Coordinación: Fundación Eugenio Granell
Ubicación: Salas 4 e 5. Primeira planta

A exposición "O Medio Ambiente e Santiago de Compostela" que abriuse ao público o 5 de outubro, nas salas 4 e 5 da primeira planta do Museo, xira arredor do importantísimo tema do Medio Ambiente.

Esta mostra céntrase en cómo o Medio Ambiente e os cambios que estamos a sufrir afectan a Santiago de Compostela e a nosa vida na capital de Galicia.

Granell mostrou, nos seus arquivos e diversos escritos, que tiña conciencia e interese no poder da natureza e na súa importancia, ademais da paixón por diversos animais, entre os que destacan, as especies autóctonas da súa querida Galicia.

A exposición que se mostra na Sala 4, comisariada por Natalia Fernández Segarra, está formada por unha selección de obras de Eugenio Granell que pertencen aos fondos da Fundación, así como textos de Granell.

Os Surrealistas xa fai anos comezaron a utilizar o "obxecto encontrado" como obra de arte. Está o coñecido urinario de Marcel Duchamp que, no 1917, o artista titulou "La fuente". Nesta Sala 4 expoñemos a rama encontrada por Granell e que el titulou "Bailarina de Cádiz".

Na Sala 5 mostrase a obra de dúas artistas de gran capacidade inventiva: Reina D'Hoore e Jo Redpath. Ambas utilizan materiais encontrados na natureza levando a cabo creacións imaxinativas e, dende logo, diferentes do usual.

Natalia Fernández Segarra
Comisaria da mostra e Directora da Fundación Eugenio
Granell

A exposición realizouse coa colaboración e o apoio de VIAQUA.

5.1.B. Novas exposicións

. Granell e os seus personaxes preferidos

Datas: 6 outubro, 2022 - 2023

Comisaria: Natalia Fernández Segarra

Coordinación: Fundación Eugenio Granell

Ubicación: Salas 2 e 3 Segunda planta

O propósito desta exposición é estudar moitos destes títulos, como, por exemplo, *El verdadero retrato del Bandido de Córdoba*, figura arredor da cal creou outros tres cadros. Non soamente se mostrará o gran coñecemento de Granell, senón tamén diranos algo de por qué estes títulos, en particular, atraéronlle.

Non esquezamos que Granell foi autodidacta, xa que os seus estudos universitarios foron na Academia de Música de Madrid, os cales foron interrompidos non soamente por razóns económicas da familia, senón tamén debido á sublevación franquista e á Guerra Civil. Granell tiña entón 23 anos.

Granell sentiuse atraído pola figura do bandido que proliferou na España dos séculos XVI, XVII, principalmente como rebeldes en contra da autoridade da época: a monarquía e a Igrexa católica que a apoiaba. As mesmas forzas dictatoriais que acabaron coa República da que Granell gozou nos seus anos en Madrid.

Con todo isto, a figura do lazarillo, do pícaro, non lle atraeu en absoluto. Era unha figura, segundo os estudosos, “esfarrapada, vil e de baixa sorte e pouca honra”. Co tempo definíuselle como “astuto, malicioso e que con arte e disimulo logra o que desexa”.(1).

A Granell atraíanlle máis ben, as persoas honestas que, no caso do Bandido, rebelábanse en contra dunha situación social inaceptable. Como era a situación antes da República Española, a principios do S. XX. (Desgraciadamente o pícaro triunfou na España de hoxe).

Outros personaxes serían: Paolo Uccello, Jonás, Venus, Campoamor, Nin, Macías, Armida; algúns, seres reais, outros literarios e quizais tamén, palabras como Dehesa.

A exposición estará acompañada de libros da Biblioteca Granell, así como de textos do autor.

(1) Olivia del Castillo Sánchez, “*Lazarillo*, el Pícaro: la imagen de la necesidad y de la subsistencia”. En <https://sepanalitica.es/wp-content/uploads/2019>.

. Amparo e a súa amiga Espe

Datas: 5 maio, 2022 - 2023
Comisaria: Natalia Fernández Segarra
Coordinación: Fundación Eugenio Granell
Ubicación: Sala Amparo. Segunda planta

As colaxes de Amparo ocuparán a Sala de Amparo xunto coas colaxes creadas por Esperanza Durán Delgado quen levou a cabo un estudo interesante como Traballo Fin de Master: *Recortes de una vida, Amparo Segarra Vicente* na Universidade Miguel Hernández.

. Dragones: el arte de Eugenio F. Granell e Rik Lina

Datas: 15 xuño -15 setembro, 2022
Comisario: Allan Graubard
Coordinación: Fundación Eugenio Granell
Ubicación: Salas 2 e 3 Segunda planta

Esta exposición realizarase co apoio financeiro do **Fondo Mondriaan**, organización Holandesa de de financiación pública da cultura, que se centra en las artes visuais e o patrimonio cultural

Rik Lina (Valkenburg, 1942, Holanda) comeza a súa mañá debuxando tres dragóns seguindo a técnica chinesa medieval chamada Haboku Sansui. Unha técnica que consiste en pulverizar tinta sobre un papel, o que é a súa inspiración para unha vida dedicada ao Surrealismo.

Ambos artistas inspiráronse nos anos pasados no Caribe tropical, a terra e o mar destes lugares ecolóxicos, a súa paleta de cor e natural, así como a súa cultura e historia.

A exposición reflectirá obras que resoan con imaxes e cores asociadas aos dragóns reais ou míticos ou imaxinados.

Para Granell, de forma obvia ou simplemente implícita, o dragón refírese no só ao encontro de Europa coas Américas, senón tamén, no Caribe, ao agresivo legado do colonialismo e os conflitos que lle seguiron.

Rik Lina revela os trópicos como un teatro de formas, cousas e seres en constante transformación efervescente. Trata de reflectir en termos realistas a natureza e a cultura coa que se atopa. Rik inspírase no ritmo no que os cambios teñen lugar. E isto pode ser na terra ou baixo a auga (practicou o submarinismo): vexetal, peixe, animal, humano, xeolóxico.

Granell e Lina conseguen transformar un espazo bidimensional nunha proxección multidimensional inclusiva. Ante as súas obras, vendo as súas obras, nos sentimos mellorados, encantados e revelados de novo.

. Medio Ambiente. O Mar en A Coruña

Datas: 23 febreiro – 26 xuño, 2022
Comisaria: Natalia Fernández Segarra
Coordinación: Fundación Eugenio Granell
Ubicación: Salas 4 e 5 Primeira planta

Esta exposición estará dedicada a A Coruña e os seus mares. Para esta mostra expoñeranse obras de Granell dedicadas ao mar, citas e escritos do propio Granell sobre o tema.

Como se fixo no 2021 que iniciamos o ciclo destas exposicións, mostraremos artigos publicados, sobre os problemas medio ambientais que sofren o mar, a súa fauna e a súa flora. O mar constitúe, despois de todo, unha das principais fontes de riqueza da economía local galega.

(Intentaremos levar a exposición á Fundación Luís Seoane e ao Museo de Belas Artes de A Coruña).

. A Biblioteca de Granell: Libros, Correspondencia, Arquivos e Manuscritos

Datas: 14 xullo – 9 outubro, 2022
Comisaria: Natalia Fernández Segarra
Coordinación: Fundación Eugenio Granell
Ubicación: Salas 4 e 5 Primeira planta

Mostraranse nesta exposición libros sobre as exposicións que se foron levando a cabo na Fundación Granell.

5.1.C. Exposicións difusión dos nosos fondos

. Azares de Granell en zinc y papel

Datas: Abril-xuño 2022 (datas provisionais)
Comisaria: Lorena Rodríguez Rodríguez
Coordinación: Fundación Eugenio Granell
Ubicación: Museo do Gravado de Ribeira

A exposición “Azares de Granell en zinc y papel” terá lugar na Fundación Rural Artes que ten como sede o Museo do Gravado que se atopa na localidade de Artes, municipio galego de Ribeira, na provincia de A Coruña.

Ao longo da súa vida Eugenio Granell permaneceu unido cun fío de azar ao mundo do gravado. Evolucionando en paralelo a súa historia, empregouno como unha ferramenta de comunicación e un medio de difusión de imaxe, nos seus artigos, a súa obra literaria e no material publicitario das súas exposicións nas décadas dos anos corenta aos setenta.

Coa liberación creativa e estética do gravado cara a unha forma artística independente, Granell experimenta, e trae con punzón, o seu propio universo plástico.

Esta exposición recolle unha selección de obra gráfica, pranchas e material bibliográfico do autor, pertencentes aos fondos da Fundación Eugenio Granell, que son o reflexo desta conexión dentro do contexto do surrealismo.

5.2. Exposicións alleas aos nosos fondos

5.2.A. Novas exposicións

. BODEGÓNS A GRANELL. Metapintura no museo. VI edición Artista en Residencia

Datas: 26 outubro, 2022 – xaneiro, 2023
Comisaria: María Meijide
Coordinación: Fundación Eugenio Granell
Ubicación: Salas 4 e 5 Primeira Planta

María Meijide, é unha artista plástica especializada en pintura figurativa de grande formato e cadernos de viaxes que nos presenta un proxecto de PINTURA de base no DIARIO.

Durante o desenvolvemento da residencia a artista fará un estudo da colección, dos espazos, das persoas, da vida presente na fundación, e estes apuntamentos, en debuxo e texto, serán a anclaxe da pintura. Un retrato do AQUÍ E O AGORA na Fundación que á súa vez é unha reinterpretación de toda a colección.

A exposición final resultará nunha especie de DIARIO PICTÓRICO ESPANDIDO onde poderemos recoñecer os salóns do museo, algunhas pezas emblemáticas, e dalgún xeito toda unha narrativa actual conectada e que ofrece unha visión pictórica sobre a propia Fundación.

Ao longo da residencia desenvolveranse actividades que impliquen ao público, visitas guiadas ao espazo de traballo e pequenos cursos de debuxo impartidos pola artista (Visita e debuxa o museo), que nutrirán o proceso do diario e o retrato do día día.

5.2.B. Exposicións que continúan do ano anterior

. Carlos Maside. [Patrimonio de Galicia]

Datas: 23 xaneiro, 2020 – 2022
Comisariado: Mercedes Rozas
Coordinación: Fundación Eugenio Granell
Ubicación: Segunda Planta

A exposición esta composta de 21 pezas entre óleos, acuarelas, gouaches e debuxos. Carlos Maside, Pontecesures, 1897 - Santiago de Compostela, 1958.

Pasou a súa infancia e adolescencia en Padrón ata 1917 que se trasladou a Madrid para cumprir o servizo militar, onde se puxo en contacto co grupo de debuxantes gráficos, que é ao que se adicou á súa volta a Galiza.

En 1923 participou nunha exposición de caricaturas. Traballou nos xornais: El Pueblo Gallego e El Faro de Vigo nos que se encargaba de facer as viñetas, sempre nun tono satírico.

No 1926, co apoio da Diputación de Pontevedra, matriculouse nunha academia de pintura en París, alí dedicase a visitar museos e a achegarse á vangardía abstracta.

Volta a Galicia no 1931, viviu en Vigo e Santiago, onde montou a súa primeira exposición individual, formada por guaches, debuxos expresivos e populares.

Durante a guerra civil sufriu unha parada artística da que non se recuperou ata 1945 cando de novo retoma a súa inxeranza creadora.

6. ACTIVIDADES NA FUNDACIÓN EUGENIO GRANELL

6.1 As nosas actividades

. CHARLA IMPARTIDA POR LOWELL FIAT “El enigma de Santiago Apóstol y su corte caribeña”.

Lowell Fiat obtivo o seu doutorado na Universidade de Wisconsin en 1973. Desde 1978 foi profesor na Universidade de Puerto Rico. Creou a revista *Sargasso*, púso en marcha o proxecto “Caribbean 2000”, apoiado pola fundación Rockefeller. Deseñou, coordinou e dirixiu durante algúns anos o programa de Universidade de Puerto Rico que estudia a literatura e a lingüística caribeña. Ten diversas publicacións: “El teatro puertorriqueño reimaginado”, “Caballeros, vejigantes, locas y viejos: Santiago Apóstol y los performers puertorriqueños”, “An Archipelago of Caribbean Masks”. Na actualidade está a estudar as máscaras de Portugal e España, así como as máscaras contemporáneas de Puerto Rico.

A charla irá acompañada dunha pequena mostra de máscaras de Loíza Aldea pertencentes aos fondos da colección étnica do Museo, e as figuras de “vejigantes” doadas por Carmina Sánchez, filla da artista Frances del Valle que se poderán ver na sala 1, onde se levará a cabo a charla.

Na pantalla da entrada do Museo mostrarase durante uns días unha película sobre a festividade de Santiago Apóstol en Loíza Aldea de Puerto Rico

Para esta charla empregárase un proxector, ordenador e pantalla.

. MARATÓN DE LECTURA

Continuando co noso obxectivo de promoción e apoio á literatura, un ano máis a Fundación Eugenio Granell organiza o Maratón de Lectura que terá lugar o xoves 18 de maio.

Esta actividade, que non só pon de relevo a obra literaria de Eugenio Granell, senón tamén a doutros escritores, internacionais ou nacionais, cuxa vida e obra, pódense relacionar coa figura de Eugenio Granell e o surrealismo, destacando os maratóns dedicados a escritores exiliados amigos de Granell. Está coordinada por Teresa Taboada e iniciouse no ano 1998, dedicándose a Federico García Lorca, artista moi admirado por Eugenio Granell e quen, na súa xuventude, estivo en Galicia, foi un bo amigo de Blanco Amor e escribiu uns poemas en galego.

Este ano o Maratón de Lectura estará dedicado a **José Rubia Barcia**, seguindo así coa traxectoria dos maratóns de lectura dedicados a escritores exiliados amigos de Granell que foron moitos, entre outros, Ayala, Serrano Poncela, Castroviejo, etc.

Rubia Barcia nacido en Ferrol en 1914, obtivo a licenciatura en Letras na Universidade de Granada e trala Guerra Civil Española e, despois de pasar por un campo de concentración en Francia, logrou chegar a Cuba onde permaneceu ata 1943, ano que marcha para Estados Unidos para ensinar na Universidade de Princeton, pasando despois a Nueva York.

O libro de lectura será “Umbral de sueños”, as ilustracións deste libro son de Eugenio Granell.

Como todos os anos esperamos ter unha ampla participación, cumprindo co noso obxectivo de ser un maratón aberto á participación de toda a cidadanía e contribuíndo á participación da sociedade civil nos museos, con especial atención as mozas, mozos, terceira idade e colectivos con risco de inclusión.

. MARATÓN DE LECTURA VIRTUAL. *O Guernica de Picasso, de Eugenio Granell*

Aproveitando as novas tecnoloxías, este ano, propoñemos un maratón de lectura que una puntos moi distantes do mundo. Empregando como base a tese de doutoramento de Eugenio Granell, *O Guernica de Picasso: A fin dunha era española*. As persoas que se sumen a iniciativa recibirán a proposta para ler un fragmento do “Guernica” coa idea de conseguir a totalidade da obra en distintas voces, e diferentes linguas (castelán, galego, inglés).

A Fundación Eugenio Granell lanzará a convocatoria, ademais de propoñer a quen o reciba que invite a participar a quen crea oportuno, de forma que a iniciativa se estenda pola rede.

A Fundación, sempre coa previa autorización dos participantes, encargarse do tratamento e conservación dos arquivos e de realizar as actuacións necesarias para ofrecelos na web, ou noutros medios de xeito que resulten de interese para a difusión da figura de Eugenio Granell.

A actividade realizarase coa colaboración de Carlos Arias.

. VALLE INCLÁN EN COMPOSTELA

A Fundación Eugenio Granell mantén unha estreita colaboración co Museo Valle-Inclán da Pobra do Caramiñal. O 7 de marzo, como en cada edición, a efíxide de Valle-Inclán situada no compostelá parque da Alameda, será abrigada cunha bufanda vermella.

Este acto, que vén realizando a Fundación Eugenio Granell dende o ano 2007, quere establecer unha conexión coa famosa colocación da bufanda branca na estatua de Valle-Inclán, no paseo de Recoletos, en Madrid, o día do teatro; pero neste caso para conmemorar o regreso real e simbólico de Valle a Compostela e a Galicia, a súa terra de orixe, o 7 de marzo de 1935.

. A MIÑA PEZA FAVORITA

A *Miña Peza Favorita* iniciouse no ano 1997 por iniciativa da directora Natalia Fernández Segarra e consiste en seleccionar unha peza, entre todas as que forman parte das coleccións da Fundación Eugenio Granell, para que o invitado elabore un comentario persoal cunha nova visión desde unha perspectiva actual.

Esta actividade está aberta a calquera persoa interesada tanto na Fundación como na arte ou na figura de Eugenio Granell, contando tamén coa participación de persoas relacionadas con diversos ámbitos como a arte, a educación ou a comunicación.

Este ano os participantes nesta actividade serán:

Íñigo Rodríguez (Donosti, 1977): Comisario de exposicións, investigador da USC sobre xestión cultural e ponente. Licenciado en Historia da Arte e Máster en Xestión Cultural pola USC. No último lustro coma xestor traballou nos equipos de coordinación de diferentes programas para a Deputación de Pontevedra, Deputación de A Coruña, Concello de Vigo e Concello de Carballo. Curador principal do espazo de arte Olalab de Santiago de Compostela (2018/2019). Membro da plataforma cultural [Idea Bat](#). Colaborador habitual da Galería Luisa Pita en Santiago de Compostela e colaborador da revista dixital [arteauncklick.com](#).

Lucía Carballeda Suárez: Licenciada en Historia da arte pola USC, esta especializada en arte contemporánea. Completou a súa formación cun Máster en Edición Periodística e un Posgrado en Xestión e Dirección de Industrias Culturais. Ten escrito en revistas especializadas, prestado asistencia en galerías de arte e traballou como responsable de diferentes entidades culturais. Entre as súas máis recentes experiencias profesionais atópanse coñecidas institucións como A Cidade da Cultura. Foi codirectora da galería Federica No Era Tonta.

. 18 maio. CELEBRACIÓN DO DÍA INTERNACIONAL DOS MUSEOS

Dende a Fundación Eugenio Granell, en colaboración co Centro Galego de Arte Contemporánea, Museo do Pobo Galego, Museo das Peregrinacións, MHN, Museo Casa da Troia, MUPEGA e Museo da Catedral organizanse xornadas de diferentes actividades, tanto individuais como en colaboración con estes centros, que van dende a música, visitas guiadas, xornadas de portas abertas, danza, performances ou diferentes talleres para os máis pequenos.

Ademais os fondos do museo teñen un lugar destacado, realizando visitas que amosan o rico patrimonio que conforma os nosos fondos, así como os traballos que se desenvolven no eido da restauración.

Así a Área de Conservación-restauración do noso Museo organiza a actividade Visita conservada. Outra forma de mirar abrindo un ano máis as portas dos seus almacéns de arte e do taller de conservación-restauración. A visita guiada a través da mirada dun conservador-restaurador, e dentro dun ambiente de debate, percorre os espazos do museo públicos e privados, e o seu diverso patrimonio.

Móstranse os distintos traballos relacionados coa conservación, a restauración, investigación e difusión das coleccións e das súas exposicións. Sen perder de vista a importancia de defender, protexer e promover a Rede Cultural da cidade, dentro e fóra do museo. Concienciando da necesidade de preservar o Patrimonio Cultural en todas as súas formas, como un ben de todos e para todos. Entrada gratuíta, previa inscrición

. CELEBRACIÓN DO NATALICIO DE GRANELL E AMPARO DO 28 DE NOVEMBRO AO 9 DE DECEMBRO

Como vén sendo habitual dende o 2001, ano do falecemento de Eugenio Granell, a Fundación Eugenio Granell celebra a data do nacemento de Eugenio Granell organizando diferentes actos creados ex profeso para cada aniversario e a partir do 2021 engadimos a celebración do aniversario de Amparo.

. COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN DE FAMILIARES E AMIGOS DOS ENFERMOS MENTAIS "FONTE DA VIRXE"

Seguindo os principios de Eugenio Granell que xa colaboraba con donativos con este tipo de Asociacións, a Fundación Eugenio Granell, mantén dende o ano 2002, a colaboración coa Asociación Fonte da Virxe de familiares e amigos dos enfermos mentais que mantén a súa loita contra o estigma e a discriminación das persoas con enfermidade mental.

Dita colaboración consiste na realización dunha mostra onde se amosan os traballos realizados no Centro de rehabilitación e no Centro Ocupacional da Asociación. Esta actividade xa se converteu nunha tradición que se celebra na Fundación polas datas de Nadal. A mostra está composta por obras realizadas en diferentes técnicas e formatos, dende o traballo con cerámica, coiro, encadernación,...

O obxectivo desta exposición é seguir tentando que a cidadanía coñeza o traballo que realizan estas persoas, e o labor desenvolvido pola Asociación a prol de lograr que este colectivo forme parte activa da sociedade. Persigue tamén, facer un chamamento á sociedade para eliminar os atrancos existentes para a necesaria integración social e laboral deste colectivo.

. BELÉN SURREALISTA

Como todos os anos, nas datas de Nadal, na entrada do Museo, mostraremos un Belén realizado coas pezas pertencentes aos fondos da Colección Étnica da Fundación Eugenio Granell.

. ROTEIRO “SANTIAGO DE COMPOSTELA A TRAVÉS DA MIRADA DE EUGENIO GRANELL”

Continuamos tamén coas visitas “**Santiago de Compostela a través da mirada de Eugenio Granell**”. Unha visita guiada baseada no libro de Eugenio Granell “Memorias de Compostela”.

A visita ofrece un percorrido polas rúas de Compostela a través da mirada do libro de Eugenio Granell, *Memorias de Compostela*, visitando os lugares emblemáticos que formaron parte dos anos de mocidade que o artista viviu en Compostela.

Impartida por: Cristina Carballedo, guía de turismo de Galicia.
Prezo da visita: 10€ (inclúe unha entrada ao Museo)

. CURSO DE ARTE. AVANTAXADO FEMININO

Carolina Munáiz. (Pontevedra, 1976) Técnico Superior de Ilustración. Escuela de artes y oficios Pablo Picasso de A Coruña. - 1er. Ciclo de escultura, modelado y cantería. Escola de Canteiros. Pontevedra. --Premio de Modelado 1º ciclo. Año 2002

Avantaxado feminino pretende un percorrido polos camiños artísticos do SXX da man de creadoras que deixaron unha pegada significativa no seu campo de traballo.

O pretexto biográfico concederá unha visión ao contexto histórico no que cada autora logrou desenvolver a súa traxectoria, e aos estímulos vangardistas claves do momento.

Baixo este marco coñeceremos os avatares creativos de autoras que dirixiron o seu talento ao ámbito da fotografía, a escultura, a pintura ou a moda. O curso recompila estas e outras biografías para profundar tanto no plano creativo de mulleres artistas como no plano vital no que desenvolveron as súas traxectorias, o que posibilita situar claros referentes femininos no contexto social e cultural das dispares décadas do convulso, tamén fascinante, século vinte.

Sesións/autoras: Ruth Matilda Anderson, Gabrielle Chanel, Tamara de Lempicka, Maruja Mallo, Leonora Carrington, Elsa Schiaparelli, Dora Maar, Hanna Höch, Louise Bourgeois, Lee Krasner, Jil Sander.

. CLASE ABERTA de TEATRO para NO ACTORES ***O Xogo Teatral como ferramenta transformadora***

Obradoiro impartido por Manuela Díaz, actriz arxentina e profesora de teatro. Actualmente forma parte do proxecto *Hola Hello El Musical*.

Dirixido a adultos e nenos/as

O obxectivo desta actividade é embarcarnos nunha experiencia grupal divertida onde podamos soltar o personaxe social e xogar a ser outros por un intre, nun espazo de liberdade e confianza

No caso dos nenos/as, o obxectivo principal do taller será habilitar e explorar o potencial creativo que posúe cada nena/o, dentro dunha dinámica grupal activa e participativa, que permita valorar a importancia do traballo en equipo.

Os participantes atoparán neste taller un espazo no que expresarse con liberdade e plenitude, canalizar emocións positivamente e gozar da maxia do teatro.

O teatro é a arte que traballa o corpo, a voz, as emocións, a imaxinación e a creatividade. O respecto polo outro, a aceptación do diferente tanto persoal como creativo, e sobre todo é un arte grupal por excelencia. O teatro axuda na mellora da linguaxe da comprensión e especialmente da expresión.

. OBRADOIROS DE ARTESANÍA. Colaboración coa Fundación Artesanía de Galicia

En colaboración coa Fundación Artesanía de Galicia, propónse a realización nos espazos da fundación de obradoiros impartidos por profesionais da artesanía. Obradoiros dirixidos a adultos co fin de que se formen en diferentes técnicas artesanás vinculadas a diferentes disciplinas artísticas, e dirixidos tamén a familias, nenos e nenas co fin de achegar a artesanía e os seus valores aos máis cativos/as.

. O CINE MUDO COMO ATLÁNTIDA. UNHA ARQUEOLOXÍA PARA O REENCANTAMENTO

Eugenio Castro Murga, poeta e ensaísta é cofundador do Grupo Surrealista de e Madrid e coeditor da Revista Salamandra, propón para á Fundación Eugenio Granell un ciclo de cine centrado no **cine mudo**.

Mostrarase inicialmente un ciclo de catro meses, cunha proxección quincenal, con expectativas de continuidade.

As películas que se mostrarán nesta primeira edición serán as seguintes:

Estados Unidos:

- *The Wind* (El viento) (1928), de Victor Seastrom
- *Seventh Heaven* (1927) de Franz Borzage

Francia:

- *La Chute de la Maison Usher* (La caída de la Casa Usher) (1928), de Jean Epstein
- *Fièvre* (Fiebre) (1921), de Louis Delluc
- *Ménilmontant* (1926), de Dimitri Kirsanoff

Xapón:

- *Kurutta Ippeji* (Una página de locura) (1926), de Teinosuke Kinoguse
- *Taki no Shiraito* (La maga del agua) (1933), de Kenji Mizoguchi
- *Osen de las cigüeñas* (1935), de Kenji Mizoguchi

Dinamarca:

- *Michael* (Deseo del corazón) (1924), de C. Th. Dreyer
- *Vampyr* (La bruja vampiro) (1932), de C. Th Dreyer (Producida en Alemania)

Alemania:

- *Orlacs Hande* (Las manos de Orlac) (1924), de Robert Wiene
- *The Man Who Laughs* (El hombre que ríe) (1928), de Paul Leni (Producida en EE.UU)

. CONCERTO DE GUITARRA de Eduard Argullo

Eduard Agullo realizou os seus estudos musicais nos conservatorios de Elche e Alicante. Estudou cinco anos co guitarrista José Tomás (discípulo directo de Andrés Segovia). Recibe o título de Profesor Superior de Guitarra en 1988. Recibiu tamén clases de Leo Brouwer e Raphaella Smits.

Colaborou con compositores de Europa, África e América, revisando e dixitalizando obras novas para a súa publicación. Asistiu a cursos de guitarra barroca e laúde con Rolf Lislevand e Phillippe Malfeyt. Investigou e recuperou repertorios para guitarra e laúde de varias bibliotecas de Europa e Norteamérica. Recibiu o premio “Frutos del tiempo” ao mellor intérprete con repertorio inusual.

Recentemente realizou una pequena xira de concertos por Corea del Sur. Tamén foi invitado a tocar a Irlanda.

Interpretará obras de Daniel Léo Simpson, Jean Rivier, Alla Penkina, Georges Migo te Shuwen Zhang.

. PROYECCIÓN DA PELÍCULA “NÉCTAR Y CENIZAS” DE YOLANDA TABANERA

Yolanda Tabanera, artista e licenciada en Filoloxía Alemana e Belas Artes, acabou de rodar esta película a mediados do mes de marzo de 2020. Un proxecto que foi xestado durante moito tempo que trata un proceso de transmutación da memoria histórica arredor ás tapias do Cemiterio da Almudena de Madrid onde se executaron un gran número de fusilamentos nos anos posteriores á guerra civil española.

O recordo destes feitos trágicos foi transmitido a Yolanda polo relato da súa nai e a súa bisavoa que viviron nas inmediacións e foron testemuña do transporte dos presos para ser fusilados ao amencer entre 1939 e 1945.

“Néctar y Cenizas” é unha obra fortemente influenciada polo surrealismo que alimenta toda a obra plástica de Yolanda e que pretende un proceso de curación simbólica interpretado por mi alter ego, a súa irmá Laura Tabanera, a través dun ritual que a converte en Dolorosa en Chamana.

A película foi presentada no outono pasado no Centro Cibeles e no Instituto Cervantes de Munich. Proximamente presentarase na Fundación Bilaboarte de Bilbao.

A proxección da película irá acompañada cunha pequena actividade asociada a ela.

6.2. Outras actividades de produción allea

A Fundación Eugenio Granell dende os seus comezos deu acollida ás diferentes iniciativas e actividades, tanto de particulares como dos diferentes colectivos que conforman a nosa sociedade, ben sexa cun interese cultural implícito (presentación de publicacións, recitais, concertos, cursos...) ou dun marcado interese social, cunha clara vocación de espazo aberto e solidario.

A Fundación mantén no 2022 o seu interese por abrir o seu espazo a diferentes propostas artísticas, entre as que a música xoga un papel fundamental. Dende o estilo clásico ata o máis actual e experimental, estivo presente na Fundación a través de concertos e actuacións nos que a terraza exterior das instalacións funciona como auditorio.

A propia estrutura do edificio fai que o espazo sexa polivalente. Isto quere dicir que a sala de exposicións pode transformarse nunha improvisada sala de conferencias, na que entrarían unha variada selección temática, aínda que sempre deben prevalecer os intereses institucionais.

Non se trata pois dun espazo pechado a certas propostas, senón que constantemente se presentan conferencias que tratan temáticas que poden estar relacionadas coa propia cultura ou ben co contexto social.

CERTIFICADO ACREDITATIVO DA APROBACIÓN DO PLAN DE ACTUACIÓN 2022

Eu, Belén Hernández Lafuente, en calidade de secretaria do Padroado da Fundación Eugenio Granell, e co visto bo do Presidente

CERTIFICO:

Que de conformidade co establecido nos artigos 18 c), 20.1 a) e 25 dos vixentes estatutos, validamente constituída e co quórum necesario establecido nos mesmos, tivo lugar na Fundación Eugenio Granell a **Xunta Ordinaria do Padroado**, celebrada en data 21 de decembro de 2021, aprobouse, por unanimidade, entre outros, o seguinte acordo, sometido á consideración do Padroado,

-Aprobación do plan de actuación/orzamento e programación de actividades elaborado para o exercicio 2022.

(A acta desta xunta atópase pendente da aprobación, artigo 26 dos estatutos fundacionais).

E para que conste os efectos oportunos, expido o presente certificado, co visto bo do Presidente do Padroado.